



# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO  
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

## RESOLUCIÓN DO 5 DE OUTUBRO DE 2018 DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE PERCEBE A PÉ DA CONFRARÍA DE A GUARDA

### ANTECEDENTES

1. A Orde do 22 de decembro de 2017, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2018, aproba o plan de explotación de percebe da confraría de pescadores de A Guarda, na modalidade de a pé, e establece a posibilidade de cubrir as vacantes que se produzan ata acadar o número máximo de 50 permisos previsto.

2. A confraría de pescadores de A Guarda solicita o 10 de setembro de 2018 o inicio do proceso selectivo para a cobertura de catro (4) permisos de explotación de percebe na modalidade de a pé, de conformidade co aprobado nos plans de xestión.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

II. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula nos artigos 9 a 15 o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos.

III. As solicitudes que se presenten valoraránse de acordo co establecido na Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.





# XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO  
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

galicia

## De acordo co anteriormente indicado, RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para a cobertura de catro (4) prazas de percebe na modalidade de a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación da confraría de pescadores de A Guarda. As bases desta convocatoria son as que están recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao que se notifique esta resolución, de acordo co establecido nos artigos 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

